



CONCELLO DE
OLEIROS

> Educación

DECRETO

Asunto: Concesión de subvencións para a promoción e difusión da cultura e o deporte, ano 2022. ANPAS.

Nº expte.- 2022/EGFAB/000140

BDNS (Identif.): 644617

Antecedentes

I.- Mediante Decreto da Alcaldía nº 2022003947, de 16/08/2022, aprobouse a convocatoria para concesión de subvencións polo Concello de Oleiros para a promoción e difusión da cultura e o deporte para o ano 2022.

II.- O anuncio da convocatoria foi publicado no BOP nº 160, de 24/08/2022, por medio da BDNS, abríndose o prazo para a presentación de solicitudes.

Presentaron solicitudes as seguintes entidades:

- ✓ ANPA *BIDUEIRO*, DO CEIP ISIDRO PARGA PONDAL
- ✓ ANPA DO CEIP LUIS SEOANE
- ✓ ANPA DO CEIP VALLE INCLÁN
- ✓ ANPA *MIGUEL HERNÁNDEZ* DO IES MIRAFLORES
- ✓ ANPA *ARCE* DO IES XOSÉ NEIRA VILAS
- ✓ ANPA DO CEIP DE NÓS
- ✓ ANPA *ENSINO* CEIP RABADEIRA
- ✓ ANPA *OS PAZOS* DO IES MARIA CASARES
- ✓ ANPA *CEMAE OLEIROS*, DO CENTRO MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS

III.- As entidades cuxas solicitudes presentaban eivas ou carencias emendables foron requeridas para corrixilas, respostando todas elas en prazo.

IV.- De conformidade co previsto nas bases reguladoras, en data 07/12/2022 reuníuse a Comisión de Valoración para avaliar as solicitudes presentadas.

Da proposta do órgano instructor despréndese que todas as entidades a favor das cales se propón conceder subvención compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras agás, a ANPA CEMAE OLEIROS, que certifica que só conta con 33 socios, polo que non cumpre co requisitos esixido no apartado c) do parágrafo 1.1. do artigo 3 da convocatoria.

V.- En data 15/12/2022 foi emitido informe favorable pola Intervención Municipal.

Á vista do actuado, e resultando que corresponde á Alcaldía a concesión das subvencións, de acordo co previsto nas Bases reguladoras,

RESOLVO:

Primeiro.- Inadmitir a trámite a solicitude formulada pola **ANPA CEMAE OLEIROS**, por non cumprir os requisitos esixidos no artigo 3.1. da convocatoria.





CONCELLO DE
OLEIROS

> Educación

Segundo.- Conceder ás ANPAS que se relacionan a continuación as subvencións que se detallan:

CIF	ENTIDADE	CONCEPTO	IMPORTE SUBVENCIÓN
G15244205	ANPA BIDUEIRO	English Club, English Club Trinity, Francés, Multideporte, Urban Dance, Mans creativas, Patinaxe, Linguaxe de signos, Ludoteca, Deportes de contacto, Fútbol, Programación Informática, Os venres xogamos todos, Teatro, festa de graduación e fin de curso 21-22, festas samaín e nadal, coordinación das actividades	13.221,07
G15265051	ANPA COLEXIO PÚBLICO DE MERA (LUIS SEOANE)	Actividades extraescolares: Ponte ao día, teatro, Pintura, rincón de arte, Futbol, Taekwondo, Patinaxe, Baloncesto, Xogos deportivos, Ludoteca, música, psicomotricidade musical, inglés, informática, Baile, cociña e coordinación das actividades.	11.568,72
G15069057	ANPA COLEXIO PÚBLICO VALLE INCLÁN	Seguro de accidentes, protección de datos e material para actividades extraescolares, guitarra, tenis, Festas escolares, coordinación das actividades.	5.780,89
G15744857	ANPA MIGUEL HERNÁNDEZ DO IES MIRAFLORES	Obradoiro de xornalismo, Técnicas de estudo, actividade “desconecta do machismo conecta contigo”, teatro e danza, obra de teatro "Bravas"	4.740,33
G15122427	ANPA ARCE DO IES XOSÉ NEIRA VILAS	Baloncesto, técnicas de estudio, visita casas da mocidade, english club, visita a meninas de Canido	4.205,30
G70463922	ANPA CEIP DE NÓS	Contacontos inclusivo "Erika y la danza", contratación da aplicación tokapp school, banco da amizade, cine na escola, contacontos, cota federación anpas, festa fin de curso, festa de Entroido, Magosto e Samaín, servizo de xestoría e protección de datos.	4.740,33
G70603022	ANPA ENSINO CEIP RABADEIRA DE OLEIROS	Proxecto "Con M de Mar", Proxecto "Igualdade Rabadeira", Proxecto "Galicia Meiga", Celebracións (inicio de curso, Samaín e Nadal), Seguro responsabilidade civil, Saídas Museos	5.549,66
G15407190	ANPA OS PAZOS DO IES MARIA CASARES	Actividade de inglés, Excursión fin de curso 1º ESO, Comida saudable: semanas da froita, Asesoría – coordinación	1.271,80
	TOTAL		51.078,10





CONCELLO DE
OLEIROS

> Educación

Terceiro.- Liberar o saldo restante nas fases contables previas (RC e A).

Cuarto.- Notificar a presente Resolución mediante a súa publicación na Sede Electrónica Municipal.

Quinto.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da publicación da mesma, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

